


De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o 24 de maio de 2012, na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación da acta da sesión ordinaria do 23 de abril de 2012.
- \* Aprobación da convocatoria de promoción ao corpo de catedráticos de universidade do ano 2012.
- \* Aprobación de solicitude de profesorado emérito.
- \* Aprobación da adaptación de memorias de títulos de máster ao Decreto 861/2010.
- \* Aprobación dos criterios e procedemento para a adaptación, no curso 2013/14, dos estudos de doutoramento ao Real decreto 99/2011 e ao Decreto autonómico 222/2011.
- \* Aprobación dos criterios e procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de máster para o curso 2013/14.
- \* Aprobación do Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo.
- \* Aprobación da Normativa de recoñecemento mutuo de estudos ao abeiro de programas de intercambio.
- \* Aprobación da proposta de Regulamento do uso dos estacionamentos do Campus de Ourense.
- \* Aprobación da modificación do artigo 13.3, parágrafo 3º da Normativa de xestión académica.
- \* Aprobación da proposta da Escola de Enxeñaría Industrial da concesión do premio extraordinario de fin de carreira do curso 2010/2011 a D. Carmelo Zugazagoitia Rodríguez.
- \* Desestimación dos recursos de alzada presentados por D. Claudio Cerdeiriña Álvarez, contra os acordos do 18/11/2011 e do 31/01/2012 da Comisión Permanente da Facultade de Ciencias, sobre a aprobación de validacións de materias relativas ao curso 2011/2012.
- \* Desestimación dos recursos de alzada presentados por D. Claudio Cerdeiriña Álvarez, contra o acordo da Comisión Permanente de 24 de novembro de 2011 e contra o acordo da Xunta de Facultade de Ciencias de data 21 de decembro de 2011 sobre os tribunais de 5ª, 6ª e 7ª convocatoria e de Fin de carreira.
- \* Desestimación do recurso pòtestativo de reposición presentado por D. Gonzalo Astray Dopazo, contra o acordo de Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2012.
- \* Aprobación do seguinte convenio: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade Privada Antenor Orrego de Perú (UPAO) e a Universidade de Vigo.

Vigo, 25 de maio de 2012  
A Secretaría Xeral



M. Inmaculada Valeije Álvarez

*Sres/as Decanos/as e Directores/as  
Comunidade Universitaria*